



Área / Unidad EDUCACION ED0000 AQR	Documento 23618I02GY	BASES BOLSAS NORTEAMERICA 2025-2026
Código de verificación ² 4P5B3P494H6H0K3H0XIHB» ² 4P5B3P494H6H0K3H0XIHB» 4P5B 3P49 4H6H 0K3H 0XIH	Expediente 236/2024/186	VERSIÓN GALEGO
	Fecha 11-11-2024	

Asunto:

BASES ESPECÍFICAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA CONVOCATORIA PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS DO PROGRAMA MUNICIPAL DE BOLSAS NORTEAMÉRICA 2025-2026 DIRIXIDAS AO ALUMNADO DE 1º DE BACHARELATO DOS CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DA CORUÑA.

O Concello da Coruña, por medio da Concellaría de Educación, Formación e Innovación Tecnolóxica, da que depende o Servizo de Educación, convoca o programa "A CORUÑA NO MUNDO: BOLSAS NORTEAMÉRICA 2025-2026-1º DE BACHARELATO EN CANADÁ", no que se lle ofrece a oportunidade ao alumnado de 4º da ESO, residente na Concello da Coruña, de cursar o grao 11 en Canadá —equivalente a 1º de Bacharelato—, así como de adquirir un dominio avanzado da lingua inglesa e un coñecemento real doutra cultura.

Estas bases están condicionadas, en todo caso, tanto no número de prazas ofertadas como no seu desenvolvemento, á adxudicación do contrato de "xestión do programa educativo BOLSAS NORTEAMÉRICA 2025-2026".

1. OBXECTO

O obxecto destas bases é convocar unhas axudas (bolsas), en réxime de concorrencia competitiva, para realizar o curso de 1º de bacharelato en Canadá, de cara a mellorar as competencias lingüísticas daquel alumnado matriculado nun centro educativo durante o curso 2024-2025 en 4º da ESO.

Para estes efectos convócanse un mínimo de 25 bolsas destinadas ao fin sinalado.

2. DESCRICIÓN

A estadia en Canadá comeza en agosto ou setembro de 2025 e finaliza en xuño de 2026, incluídas as vacacións escolares de Nadal e Semana Santa. As datas de saída e regreso varían en función do estado ou territorio de destino.

O programa oferta un mínimo de **25 bolsas**, que se determinarán en función da oferta do contratista adxudicatario do contrato e/ou das posibles dispoñibilidades orzamentarias adicionais.

A xestión dos servizos que compoñen este programa realízase no concello, mediante un contrato de prestación de servizos.



O financiamento estimado da dita prestación de servizos para a xestión destas bolsas ascende a 650.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 60.326.227.35. Non obstante, o propio desenvolvemento do programa e o seu importe total final queda condicionado en todo caso ao prezo resultante da adxudicación do contrato, así como ás dispoñibilidades orzamentarias aprobadas nos orzamentos municipais dos exercicios 2025 e 2026 para esta finalidade.

O programa inclúe:

- a) Estadía en Canadá durante o período correspondente a un ano académico neste país, vivindo cunha familia residente.
- b) Escolarización nun centro educativo de Canadá (*High School*), en réxime de libre elección das materias ofertadas que mellor se correspondan co nivel de 1º de Bacharelato do sistema educativo español, dentro do marco normativo establecido polo Ministerio de Educación e Formación Profesional e a Consellaría de Cultura, Educación e Universidade, para a validación destes estudos.
- c) Organización de xornadas informativas para o alumnado participante no programa.
- d) Tramitación e obtención do visado de entrada en Canadá, en Madrid, ademais das probas biométricas necesarias, incluíndo a viaxe de ida e volta do alumnado.
- e) Viaxe e desprazamentos de ida e volta dende A Coruña até a poboación de destino en Canadá para cada participante.
- f) Seguimento e control da vida dos/das menores na familia de acollida, do seu comportamento e rendemento académico no centro, así como da súa vida social.
- g) Validación dos estudos realizados polo alumnado en Canadá ante a Administración Educativa.

Cómpre poñer de manifesto que o Estado español pode non validar os estudos no caso que os/as estudantes beneficiarios/as da beca non aproben todas as materias no país estranxeiro.
- h) Asistencia sanitaria e seguro de responsabilidade civil.
- i) “Cartos de peto” para os gastos persoais do alumnado, por un importe de 120 € mensuais, durante os meses de estadía en Canadá.
- j) “Cartos de preparación da viaxe”, por un importe de 400€, para o alumnado valorado con 10 ou 9 puntos no criterio de baremación “Situación económica da unidade familiar nuclear” do apartado 6.5 desta convocatoria, condicionados ao previo informe de vulnerabilidade social emitido polos servizos sociais municipais. O dito importe deberá facerse efectivo con carácter anticipado á viaxe.

3. PUBLICIDADE E TRANSPARENCIA

3.1. A selección do alumnado participante realizarase por parte do Concello en réxime de concorrencia competitiva. Esta selección efectúase de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade e non discriminación, aplicando os criterios de valoración fixados nestas bases.

3.2. O procedemento para a selección do alumnado iniciarase de oficio, mediante a correspondente convocatoria aprobada polo órgano competente do Concello, que se publicará na páxina web municipal (www.coruna.gal/educacion) e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.



3.3 A notificación e publicidade de todos os actos e resolucións administrativas que se adopten para o desenvolvemento da presente convocatoria realizarase a través do taboleiro de anuncios e edictos municipal situado na sede electrónica do concello (<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>).

3.4 A maiores, o Servizo Municipal de Educación facilitaralles, na dita páxina web (www.coruna.gal/educacion), toda a información relevante en relación con este programa ás persoas participantes, sendo responsabilidade destas a consulta desta web para obter a información relativa a listaxes, prazos, convocatorias de xuntanzas e outras cuestións relacionadas co programa.

3.5 Así mesmo, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, comunicarase á Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) toda a información relativa a esta convocatoria, así como a listaxe das persoas beneficiarias e dos importes das axudas concedidas, cos efectos que correspondan, en especial no ámbito tributario.

4. REQUISITOS

Poderá solicitar a participación neste programa e ser beneficiario/a destas axudas o alumnado escolarizado nun centro educativo do termo municipal do Concello da Coruña, que cumpra cos seguintes requisitos:

- 4.1 Estar en posesión do documento nacional de identidade (en adiante, DNI) ou número de identidade de estranxeiro (en adiante, NIE).
- 4.2 Residir e estar empadroado co seu pai, nai ou representante legal, de ser o caso, no Concello da Coruña no momento da solicitude.
- 4.3 Estar matriculado e cursando 4º de ESO, nun centro escolar situado no termo municipal da Coruña, no curso 2024-2025.
- 4.4 Contar no curso de 3º da ESO cunha cualificación media de 6 puntos ou máis e non ter ningunha materia suspensa.
- 4.5 Contar no curso de 3º da ESO cunha cualificación de 7 puntos ou máis na materia de lingua estranxeira (inglés).
- 4.6 Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario/a, recollidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Este requisito será comprobado só no caso de resultar adxudicatario, podendo dar lugar a que un solicitante inicialmente admitido pase a estar excluído por non cumprir este requisito na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

5. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS DA BOLSA

5.1. A persoa beneficiaria seleccionada ten que ter aprobadas en xuño todas as materias ao rematar o curso de 4º da ESO e, no caso de non cumprirse esta condición, perderá o seu dereito a desfrutar da beca, aínda que fose seleccionada.

5.2. A persoa beneficiaria da bolsa deberá ter pasaporte español, con vixencia ata seis meses despois da finalización do curso, no momento de elaboración do expediente para enviar ao país estranxeiro.



5.3. A familia da persoa beneficiaria da bolsa deberá cumprir coa normativa legal con respecto á saída dos menores ao estranxeiro.

5.4. As persoas beneficiarias están obrigadas a participar en cantas viaxes e reunións sexan convocadas.

5.5. Como resultado da baremación da renda económica da unidade familiar, segundo se establece nestas bases no artigo 6 punto 5, se a unidade familiar nuclear acada as puntuacións de 9 o 10 puntos, a solicitude da bolsa implica a autorización por parte dos proxenitores da persoa solicitante aos servizos sociais do Concello da Coruña, para un posible estudo informativo das circunstancias de vulnerabilidade socioeconómica nas que poida atoparse o/a menor solicitante.

O incumprimento destas obrigas implicará a exclusión do programa, logo da correspondente resolución motivada do órgano competente

6. CRITERIOS DE BAREMACION DAS SOLICITUDES

6.1. Na valoración das solicitudes atenderase ao concepto de unidade familiar nuclear, entendendo por tal a composta, no momento da solicitude, polas seguintes persoas: a persoa solicitante, os seus irmáns/irmás solteiros menores de 25 anos ou maiores de idade con discapacidade ou incapacitados xudicialmente, sempre que estean suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada que convivan no mesmo domicilio e as persoas proxenitoras que teñan atribuída a garda e custodia ou persoas que ostenten a súa tutela.

6.2. Serán seleccionadas as persoas solicitantes que obteñan maior puntuación coa suma das obtidas nos seguintes bloques:

- A. Cualificación media en 3º curso da ESO.
- B. Cualificación final da materia de lingua estranxeira (inglés) en 3º curso da ESO.
- C. Situación económica da unidade familiar nuclear.
- D. Situación sociofamiliar.

6.3 Cualificación media en 3º curso da ESO. Ata 5 puntos.

Tendo en conta o requisito “Contar no curso de 3º da ESO cunha cualificación media de 6 puntos ou máis”, obterase unha puntuación de 0,10 por cada 0,10 adicional respecto da cualificación; agás nas puntuacións comprendidas entre 9, 10 e 10 puntos, nas que a puntuación outorgada será de 0,20 puntos por cada 0,10 adicional. Só se computarán as décimas da cualificación académica, desprezando as centésimas, tal como se reflicte na táboa seguinte:



Cualificación	Puntos
6,1	0,1
6,2	0,2
6,3	0,3
6,4	0,4
6,5	0,5
6,6	0,6
6,7	0,7
6,8	0,8
6,9	0,9
7,0	1,0
7,1	1,1
7,2	1,2
7,3	1,3
7,4	1,4
7,5	1,5
7,6	1,6
7,7	1,7
7,8	1,8
7,9	1,9
8,0	2,0

Cualificación	Puntos
8,1	2,1
8,2	2,2
8,3	2,3
8,4	2,4
8,5	2,5
8,6	2,6
8,7	2,7
8,8	2,8
8,9	2,9
9,0	3,0
9,1	3,2
9,2	3,4
9,3	3,6
9,4	3,8
9,5	4,0
9,6	4,2
9,7	4,4
9,8	4,6
9,9	4,8
10,0	5,0

6.4 Cualificación final da materia de lingua estranxeira (inglés) en 3º curso da ESO. Ata 5 puntos.

Tendo en conta o requisito “Contar no curso de 3º da ESO cunha cualificación de 7 puntos ou máis na materia de lingua estranxeira (inglés), obterase a puntuación de conformidade co previsto na táboa seguinte:

Cualificación	Puntos
7,10	0,17
7,20	0,34
7,30	0,51
7,40	0,68
7,50	0,85
7,60	1,02
7,70	1,19
7,80	1,36
7,90	1,53
8,00	1,70

Cualificación	Puntos
8,10	1,87
8,20	2,04
8,30	2,21
8,40	2,38
8,50	2,55
8,60	2,72
8,70	2,89
8,80	3,06
8,90	3,23
9,00	3,40

Cualificación	Puntos
9,10	3,57
9,20	3,74
9,30	3,91
9,40	4,08
9,50	4,25
9,60	4,42
9,70	4,59
9,80	4,76
9,90	4,93
10,00	5,00

6.5 Situación económica da unidade familiar nuclear. Ata 10 puntos.

6.5.1 O cálculo da situación económica virá determinado pola **renda anual da unidade familiar nuclear**, que se obterá da suma dos ingresos dos proxenitores que teñan atribuída a garda e custodia ou persoas que ostenten a tutela, conforme as seguintes circunstancias:



Concello da Coruña

- a) No caso de que a custodia da persoa solicitante (alumna/o) sexa compartida por ambas persoas proxenitoras, serán obxecto de valoración os seus ingresos, computándose aos dous como membros da unidade familiar nuclear.
- b) No caso de que a custodia da persoa solicitante (alumna/o) sexa en exclusiva, serán obxecto de valoración os ingresos do proxenitor custodio, engadíndose as contías das pensións alimenticias, aprobadas xudicialmente, de ser o caso. As ditas pensións actualizaranse segundo o indicado nas resolucións xudiciais correspondentes.
- c) No caso de que a proxenitora acredite unha situación de violencia de xénero por calquera dos medios do art. 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, Galega para a Prevención e o Tratamento Integral da Violencia de Xénero, mediante un documento acreditativo en vigor ou expedido nos doce meses anteriores á data de presentación da solicitude, non se terán en conta os ingresos do agresor para determinar a renda da unidade familiar nuclear.
- d) Nos casos en que as medidas paterno-filiais establezan a custodia compartida para ambas persoas proxenitoras, pero sexa exercida só por unha delas, serán obxecto de valoración só os ingresos da persoa proxenitora que convive coa persoa solicitante.
- e) Nos casos de incumprimento das obrigas do pagamento das pensións alimenticias nas custodias en exclusiva, computaranse só os ingresos do proxenitor custodio.

6.5.2 Para o cálculo da renda anual da unidade familiar nuclear atenderase a:

- a) A declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas do exercicio fiscal 2022 (Modelo D-100 do IRPF).

Con carácter xeral, sumaranse os importes dos recadros correspondentes á base imponible xeral e á base imponible do aforro do exercicio presentado a efectos de valoración e restarase a cota resultante de autoliquidación (recadros 435, 460 e 595, respectivamente). En todo caso, consultarase o documento íntegro da declaración do IRPF naqueles casos nos que resulte necesario para resolver as posibles dúbidas na valoración da renda, nomeadamente nos casos en que a consulta de datos de nivel de renda coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (en diante, AEAT) devolva datos incompletos ou contraditorios.

No caso de que a declaración do Imposto da Renda das Persoas Físicas presentada a efectos de valoración fose na modalidade conxunta para os proxenitores, pero, da configuración actual da unidade familiar nuclear, resulte computable unha única persoa proxenitora, computaranse ao 50% a totalidade da renda declarada no dito exercicio económico.

- b) No caso de que as persoas non estean obrigadas a presentar a declaración do IRPF, consultarase o certificado de imputación de rendas do exercicio económico a efectos de valoración. Para estes efectos, sumaranse os ingresos dos rendementos do traballo, do capital mobiliario e as ganancias e perdas patrimoniais suxeitas a retención, ao que se lle restarán os gastos deducibles do traballo no devandito período.



- c) As pensións de alimentos actuais establecidas nas resolucións xudiciais en relación co/coa menor solicitante. As ditas pensións non computarán nos casos de falta de pagamento sempre que se solicítase a execución do título xudicial.
- d) Excepcionalmente, no caso de que non sexa posible a obtención de datos sobre os ingresos, por non constar de alta a persoa no Censo de Contribuíntes da AEAT no exercicio de renda presentado a efectos de valoración, teranse en conta os ingresos que se deduzan da declaración xurada, da vida laboral e do resto da documentación presentada de conformidade co previsto no punto 9.2.e) desta convocatoria.
- e) No caso de que, logo de realizar a consulta previamente autorizada, a AEAT non facilite os datos económicos das persoas interesadas, por existir incidencias pendentes de resolver coa súa declaración, requiriráselle á persoa interesada para que achegue unha copia da documentación necesaria que permita comprobar a súa situación económica consonte o sinalado neste apartado.

6.5.3 Logo de determinar a renda anual da unidade familiar, aplicarase o seguinte baremo, atendendo ao número de persoas computables da unidade familiar nuclear:

PUNTOS	Renda anual unidade familiar nuclear de 2 MEMBROS		Renda anual unidade familiar nuclear de 3 MEMBROS		Renda anual unidade familiar nuclear de 4 MEMBROS		Renda anual unidade familiar nuclear de 5 ou máis MEMBROS	
	TRAMOS		TRAMOS		TRAMOS		TRAMOS	
10	0,00 €	13.440,00 €	0,00 €	17.640,00 €	0,00 €	21.000,00 €	0,00 €	23.520,00 €
9	13.441,00 €	16.940,00 €	17.641,00 €	22.140,00 €	21.001,00 €	26.501,00 €	23.521,00 €	29.521,00 €
8	16.941,00 €	20.440,00 €	22.141,00 €	26.640,00 €	26.502,00 €	32.002,00 €	29.522,00 €	35.522,00 €
7	20.441,00 €	23.940,00 €	26.641,00 €	31.140,00 €	32.003,00 €	37.503,00 €	35.523,00 €	41.523,00 €
6	23.941,00 €	27.440,00 €	31.141,00 €	35.640,00 €	37.504,00 €	43.004,00 €	41.524,00 €	47.524,00 €
5	27.441,00 €	30.940,00 €	35.641,00 €	40.140,00 €	43.005,00 €	48.505,00 €	47.525,00 €	53.525,00 €
4	30.941,00 €	34.440,00 €	40.141,00 €	44.640,00 €	48.506,00 €	54.006,00 €	53.526,00 €	59.526,00 €
3	34.441,00 €	37.940,00 €	44.641,00 €	49.140,00 €	54.007,00 €	59.507,00 €	59.527,00 €	65.527,00 €
2	37.941,00 €	41.440,00 €	49.141,00 €	53.640,00 €	59.508,00 €	65.008,00 €	65.528,00 €	71.528,00 €
1	41.441,00 €	44.940,00 €	53.641,00 €	58.140,00 €	65.009,00 €	70.509,00 €	71.529,00 €	77.529,00 €
0	44.941,00 €		58.141,00 €		70.510,00 €		77.530,00 €	

6.5.4 A falta de xustificación das circunstancias que permitan determinar a renda anual familiar que corresponda, motivará a non asignación de puntuación neste apartado.

6.6 Situación sociofamiliar. Máximo 5 puntos.

Atenderase ás seguintes circunstancias sociofamiliares recollidas na seguinte táboa:

Situación sociofamiliar	Puntos
Discapacidade do alumno/a solicitante	1 punto



Situación sociofamiliar	Puntos
Alumno/a solicitante pertencente a Familia numerosa legalmente recoñecida	1 punto
Violencia de xénero da proxenitora	1 punto
Situación de acollemento familiar do alumno/a solicitante	1 punto
Alumno/a solicitante pertencente a unha familia coa condición de monoparentalidade	1 punto

6.7 Nos casos de empate nas puntuacións obtidas, establécense como medidas de desempate os seguintes criterios de baremación:

1. Menores ingresos na renda familiar
2. Maior nota obtida na media de 3º curso da ESO
3. Maior nota obtida no idioma inglés en 3º curso da ESO
4. No caso de persistir os empates dentro de cada grupo, resolverase por sorteo.

6.8 A valoración das solicitudes presentadas farase sobre a base da documentación que as persoas solicitantes acheguen e da que se incorpore ao expediente como resultado da consulta de datos entre administracións. O Concello resérvase a potestade de requirir calquera outra documentación para acreditar os feitos alegados e a comprobación da puntuación obtida.

7. ACHEGAS DAS FAMILIAS

7.1 A participación no programa “A CORUÑA NO MUNDO: BOLSAS NORTEAMÉRICA 2025-2026” non implica a total gratuidade para o alumnado beneficiario. As familias, en función da puntuación obtida na situación económica da unidade familiar nuclear do punto 6.5 desta convocatoria, achegarán as cantidades que lles correspondan segundo as porcentaxes sinaladas na táboa recollida neste apartado:

Puntuación obtida situación económica da unidade familiar nuclear	Porcentaxe de achega das familias
De 7 a 10 puntos	Gratuidade
6 puntos	5%
5 puntos	10%
4 puntos	15%
3 puntos	20%
2 puntos	25%
1 punto	30%
0 puntos	35%



7.2 Para estes efectos o prezo será o que resulte do prezo ofertado polo adxudicatario do contrato de servizos para a xestión do programa, que en todo caso será igual ou inferior a 26.000,00 €.

PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO

8. SOLICITUDES, PRESENTACIÓN E PRAZO

8.1 A solicitude de participación no programa, xunto coa documentación complementaria do expediente, deberá presentarse no rexistro municipal ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2012, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

8.2 Con carácter previo á presentación da solicitude, a persoa solicitante deberá cubrir a ficha específica do programa "A CORUÑA NO MUNDO: BOLSAS NORTEAMÉRICA 2025-2026" na páxina web municipal www.coruna.gal/educacion. Logo de completar o rexistro en liña da dita ficha específica, o sistema elabora un xustificante de confirmación (documento PDF) que se envía ao correo electrónico facilitado. Este xustificante ten un número de asignación (ID), que será o de referencia de cada expediente no procedemento.

O rexistro en liña da ficha específica do programa "A CORUÑA NO MUNDO: BOLSAS NORTEAMÉRICA 2025-2026" non terá en ningún caso valor de solicitude da bolsa se non se presenta nos rexistros municipais, ou no rexistro electrónico (a través da sede electrónica do Concello da Coruña: <https://sede.coruna.gal/sede/gl/tramites-e-servizos-electronicos/rexistro-electronico>), ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP). En consecuencia, só serán válidas as solicitudes presentadas a través dos rexistros anteditos.

8.3. O prazo de presentación das solicitudes será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP) da Coruña.

9. ACHEGA DE DOCUMENTACIÓN

9.1 Deberase presentar por Rexistro, para todas as solicitudes, e dentro do prazo sinalado no punto 8.3 desta convocatoria, a seguinte documentación, con carácter preceptivo:

- a) Xustificante da **ficha específica de solicitude** que se cubriu en liña (trátase do documento en PDF enviado ao correo electrónico unha vez feita a inscrición) e no que se acepta a participación no programa e as bases que o regulan. Este documento debe de estar asinado pola persoa solicitante e os proxenitores ou representantes legais do menor, de ser o caso.

Coa sinatura da solicitude a persoa solicitante autoriza a consulta que acredita o cumprimento dos seguintes requisitos ou circunstancias, salvo oposición expresa e motivada:

- Datos tributarios da unidade familiar.
- Empadramento no Concello da Coruña.



Concello da Coruña

No caso de oposición á consulta, a persoa solicitante deberá presentar a documentación antedita xunto coa solicitude .

- b) **Certificado académico das cualificacións** correspondentes a 3º da ESO do curso académico 2023-2024.
- c) **Certificado de matrícula do curso 2024-2025**, onde conste nome da persoa solicitante, datos do centro e curso no que estea matriculada.

9.2 Deberase presentar por Rexistro, e dentro do prazo sinalado no punto 8.3 desta convocatoria, a seguinte documentación xustificativa doutras circunstancias a valorar:

- a) **Libro de familia completo ou documento equivalente expedido por un organismo oficial que acredite a filiación** ou, no caso de existir outra relación coa persoa solicitante, a documentación xudicial ou administrativa que verifique o dito vínculo.
- b) **Copia do DNI/NIE** da persoa solicitante e de todas as persoas incluídas na unidade familiar, no caso de que non se autorice a consulta ou esta non sexa posible.
- c) Relativa á unidade familiar nuclear da persoa solicitante. Nos casos de custodias atribuídas ou exercidas por unha persoa proxenitora:
 - 1. Existencia dunha única persoa proxenitora. Libro de familia completo acompañado, de ser o caso, certificado de defunción da outra persoa proxenitora.
 - 2. Dúas persoas proxenitoras e unha delas ten atribuída en exclusiva a custodia da persoa solicitante. Presentarase copia da sentenza ou convenio regulador aprobado xudicialmente que verifique esta circunstancia e na que se establezan as medidas paterno-filiais, que en todo caso debe ser a máis recente.
 - 3. Situación de violencia de xénero acreditada por calquera dos medios do art.5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, Galega para a Prevención e o Tratamento Integral da Violencia de Xénero. Neste caso deberá presentarse un documento en vigor dos sinalados no artigo anterior ou ben expedido nos doce meses anteriores a data de presentación da solicitude da axuda.
 - 4. Nos casos de incumprimento das obrigas da custodia compartida, e sempre que o menor solicitante conviva de feito cun dos proxenitores, poderase acreditar o dito incumprimento a través da presentación da correspondente demanda xudicial.
- c) Relativa á unidade familiar nuclear da persoa solicitante. Nos casos de custodias compartidas por sentenza xudicial: presentarase a copia da sentenza ou do convenio regulador aprobado xudicialmente.
- d) No caso de non autorizar na solicitude en liña a consulta dos datos tributarios, deberán achegarse as certificacións expedidas pola AEAT das declaracións de IRPF individuais de ambos proxenitores ou conxunta, correspondentes ao exercicio 2022, ou a certificación expedida pola AEAT acreditativa da situación de non ter a obriga de declarar, de ser o caso.
- e) Para os casos nos que non sexa posible a obtención de datos económicos para ambos ou algún dos proxenitores (non constar dado de alta no censo de contribuíntes, persoas sen DNI/NIE ou persoas sen exercicio profesional ou laboral en España desde a súa chegada ao país) será obrigatoria que se presente unha declaración xurada que deberá vir asinada polos proxenitores afectados por esta circunstancia. Cada proxenitor deberá facer constar os seus ingresos obtidos nos últimos doce meses, así como a súa procedencia.



Xunto coa declaración xurada deberá achegar a súa vida laboral e, no caso de traballar en España, copia de:

- As nóminas dos últimos seis meses anteriores a data da solicitude, no caso de traballadores por conta allea.
 - As declaracións tributarias trimestrais relativas ao período anterior, no caso de traballo por conta propia.
- f) A situación de *discapacidade* da persoa solicitante acreditarase co certificado expedido pola Xunta de Galicia ou organismo oficial competente na materia do grao de discapacidade, no caso de que non se autorice a consulta ou esta non sexa posible.
- g) A situación de *violencia de xénero* acreditarase a través de calquera dos medios que permite o art.5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, Galega para a Prevención e o Tratamento Integral da Violencia de Xénero, cun documento acreditativo en vigor ou expedido nos doce meses anteriores á data de presentación da solicitude, dos seguintes sinalados pola Lei:
1. Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuño ou copia autenticada pola secretaria ou secretario xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.
 2. Resolución xudicial de calquera orde xurisdicional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas na lei antedita.
 3. Certificación dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local.
 4. Informe do Ministerio Fiscal no que se indique a existencia de indicios de violencia.
 5. Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social.
- h) No caso das persoas solicitantes que se atopan en situación de acollemento familiar será necesario presentar copia da resolución administrativa ou xudicial que acredite esta circunstancia.
- i) A situación de *familia numerosa* acreditarase presentando copia do título de familia numerosa, no caso de que non se autorice a consulta ou esta non sexa posible.
- j) A situación de pertenza a unha *familia coa condición de monoparentalidade* acreditarase coa presentación do certificado de monoparentalidade expedido pola Dirección Xeral de Familia da Xunta de Galicia ou a que se considere competente neste caso,

9.3 Non serán tidos en conta nin valorados os requisitos alegados e non xustificados documental e correctamente, tal como se indica, nin os que se aleguen fóra do prazo establecido para esta convocatoria, nin os que conteñan emendas. O Servizo de Educación poderá requirir das persoas solicitantes, en calquera intre, a aclaración da documentación presentada.

10. COMPROBACIÓN DE DATOS

10.1 Logo de recibir as solicitudes para a tramitación deste procedemento consultaranse os datos en base á documentación presentada o á consulta automática daqueles que foran autorizados.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán achegar os documentos correspondentes.



10.2 No caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos datos que poden ser consultados automaticamente con fundamento na autorización previa das persoas interesadas, poderá solicitárselles ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

11. INSTRUCCIÓN, VALORACIÓN DAS SOLICITUDES, EMENDAS E PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL

11.1.- A valoración das solicitudes presentadas e a proposta de selección das persoas beneficiarias desta convocatoria será realizada por unha **Comisión de valoración**.

11.2.- A Comisión de valoración estará composta por:

- Un representante da Concellería de Educación nomeado para tal fin, que presidirá a Comisión.
- Dous técnicos/as de Educación, un deles exercerá de secretario/a.
- Un técnico/a dos servizos sociais municipais.

11.3.- Esta Comisión resolverá calquera incidencia e/ou dúbida interpretativa que poida xurdir na aplicación das bases da presente convocatoria.

11.4.- Tras a finalización do prazo de presentación de solicitudes, o Servizo de Educación, como responsable da instrución do procedemento, revisará a documentación presentada e verificará o cumprimento de todos os requisitos, así como a presentación da documentación de carácter preceptiva establecida na convocatoria.

Logo de finalizar a comprobación de solicitudes recibidas, faranse públicas tres listaxes, a das persoas admitidas, a das persoas excluídas que precisan de emenda e a das persoas excluídas por non cumprir os requisitos recollidos no artigo 4 destas bases, facendo constar as causas de exclusión.

Despois da publicación destas listaxes abrirase un prazo de 10 días hábiles, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios e edictos municipal situado na sede electrónica do concello, para a emenda das deficiencias detectadas (<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>).

A información relativa á publicación destas listaxes tamén estará dispoñible na páxina web municipal (www.coruna.gal/educacion) e no teléfono de información cidadá 010 do Concello da Coruña.

No caso de que a emenda se refira á acreditación do cumprimento de requisitos do apartado 4 ou á presentación da documentación do apartado 6 da convocatoria, advertirase de que, no caso de non atender ao requirimento ou non facelo adecuadamente, teráselle por desistida da súa petición, logo da oportuna resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En todo caso, as persoas interesadas poderán, en calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia, achegar documentación, que deberá ser tida en conta polo órgano competente ao redactar a proposta de resolución.

11.5.- A persoa titular da Xefatura de Servizo de Educación ou a persoa que a substitúa como órgano instrutor, logo de revisar o expediente e o informe da Comisión de Valoración, formulará a proposta



de resolución provisional, que debidamente motivada, publicárase no portal de Educación do Concello da Coruña e no taboleiro de anuncios e edictos municipal situado na sede electrónica do concello, e indicará a listaxe de persoas propostas para a concesión das prazas, seguidas das solicitudes que, aínda cumprindo os requisitos esixidos, non obteñan a praza por insuficiencia de puntuación, as cales pasarán a engrosar a listaxe de agarda, finalizando coas solicitudes desestimadas e excluídas coa expresión da súa causa.

A publicación realizada nos lugares indicados no apartado 11.4 da convocatoria iniciará o cómputo dun prazo para que os interesados poidan presentar alegacións e que será de 10 días hábiles.

11.6.- As alegacións poderán facer referencia á existencia de erros na puntuación obtida, á proposta de denegación da praza ou a outras circunstancias, sen que poida realizarse nesta fase do procedemento a emenda da documentación requirida anteriormente se non se atendeu ao requirimento, nin tampouco achegar en fase de alegacións nova documentación que non obrase xa no expediente e dea lugar a un cambio da puntuación inicial.

12. PROCEDIMENTO: ALEGACIÓNS, CONCESIÓN E RESOLUCIÓN DAS PRAZAS

12.1.- Logo de examinar as alegacións presentadas, a Comisión de valoración realizará un informe final, que se elevará ao órgano instrutor, que elaborará a proposta de resolución definitiva.

12.2.- Publicaranse as **listaxes definitivas derivadas da proposta de resolución definitiva** do órgano instrutor nos medios indicados no punto 3 destas bases. As listaxes comprenderán:

- a) O alumnado seleccionado, sinalando as puntuacións acadadas e a achega das familias en base ao apartado 7 da convocatoria.
- b) O alumnado que, cumprindo os requisitos, non acada o número de orde que lles permita participar no programa por exceder do número de prazas. Este alumnado constituirá a listaxe de agarda.
- c) O alumnado que non cumpre cos requisitos para participar no programa, con expresión sucinta da causa da súa exclusión.

12.3.- A firmeza desta adxudicación quedará condicionada a que estea formalizado un contrato coa empresa xestora que garanta a viabilidade do programa, e á aceptación do alumnado por parte do país de destino, en función das súas esixencias.

13. ACEPTACIÓN E RENUNCIAS

13.1. Tras a publicación da listaxe definitiva, as persoas seleccionadas disporán dun prazo de 10 días hábiles para a súa aceptación, que deberá ser asinada por ambos proxenitores ou titores legais e comunicada por escrito ao servizo municipal de Educación (SME), a través dos rexistros municipais ou en calquera das dependencias a que se refire o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

13.2. Logo de transcorrer o dito prazo, sen que se produza tal comunicación, entenderase que renuncia a súa participación no programa.



13.3. De se presentar a comunicación por medio dalgún rexistro non municipal deberase enviar unha copia escaneada da mesma (co selo de rexistro de entrada) por correo electrónico ao seguinte enderezo do servizo municipal de Educación (educacion@coruna.gal) dentro do prazo de aceptación.

13.4. No caso da aceptación por parte da persoa beneficiara deberase achegar, así mesmo, o **xustificante bancario do pagamento á empresa adxudicataria** do importe correspondente á achega familiar e, de ser o caso, a copia da documentación relacionada co COVID-19 que sexa precisa para levar a cabo a mobilidade de acordo coa normativa vixente nos países de orixe e destino no momento de realización da actividade.

13.5. O pagamento da achega familiar correspondente non terá devolución no caso dunha renuncia ou abandono posterior, salvo causa grave debidamente xustificada. A non xustificación do ingreso da cantidade indicada, dentro do prazo, implica a renuncia á praza adxudicada.

13.6.- Despois de transcorrer o prazo anterior, e no caso de producirse modificacións na listaxe definitiva coa incorporación de persoas procedentes da listaxe de agarda, a persoa titular da Concellería delegada responsable da Área de Educación, resolverá a convocatoria, por delegación da Xunta de Goberno Local, outorgada consonte o disposto no apartado 14.3 desta convocatoria.

13.7.- A resolución definitiva da convocatoria poñerá fin á vía administrativa, e contra ela cabe interpoñer, de maneira potestativa, un recurso de reposición, no prazo dun mes ou poderá interpoñerse directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o xulgado da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Nos dous casos, computarase o prazo a partir do día seguinte ao da publicación oficial da resolución da concesión definitiva.

14. RÉXIME XURÍDICO E COMPETENCIA

14.1 A presente convocatoria rexerese pola Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos, publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o 16 de agosto de 2024 (BOP núm. 157) e, no que sexa de aplicación, pola Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, pola Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e pola normativa regulamentaria que desenvolve estas normas.

14.2 De conformidade co previsto no artigo 10 da ordenanza municipal antedita, o órgano competente para a aprobación desta convocatoria de axudas é a Xunta de Goberno Local.

14.3 Ao abeiro do disposto no mesmo artigo 10 da ordenanza municipal antedita, delégase na persoa titular da Concellería delegada responsable da Área de Educación a resolución desta convocatoria de axudas.

14.4 Igualmente, autorízase e facúltase á persoa titular da Concellería delegada responsable da Área de Educación para:

- a) Interpretar e desenvolver o establecido nesta convocatoria de axudas, así como para a corrección dos eventuais erros materiais, de feito ou aritméticos, que poidan existir nela, de acordo co establecido no artigo 109.2 da 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- b) Realizar cantos actos, trámites ou xestións sexan precisos para a execución e bo fin desta convocatoria destas axudas.



15. REINTEGROS

15.1 Serán causas de reintegro do, de conformidade co artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as seguintes:

- A renuncia ou o abandono do programa sen unha causa grave debidamente xustificada. Unicamente entenderase que concorre unha causa grave xustificada que poida dar lugar á condonación da obriga de reintegro naqueles supostos de problemas severos de saúde sobrevividos ou outros de forza maior (acontecementos imprevisibles, inevitables, insuperables, irresistibles).
- Non presentarse no punto de saída sinalado para o inicio da viaxe sen unha causa grave debidamente xustificada.
- Non posuír a documentación necesaria para a realización da viaxe, para o alumnado participante.
- A obtención da axuda falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que a impedirían.
- A expulsión do programa consonte o regulado no apartado 16 desta convocatoria.

15.2 O importe a reintegrar determinarase en función dos custos nos que o concello tivese incorrido coa empresa adxudicataria da xestión do programa para a xestión da praza da persoa beneficiaria obrigada ao reintegro.

15.3 Inclúense nos conceptos obxecto de reintegro os 400 € de “cartos de preparación da viaxe” e mais as mensualidades de 120 € percibidas en concepto de “cartos de peto” previstos nos punto 2.j) e 2.1) desta convocatoria. Descontaranse do importe total a reintegrar as mensualidades de “cartos de peto” non percibidas.

16. EXPULSIÓN OU ABANDONO DURANTE A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE

16.1 Un comportamento non apropiado poderá supoñer a expulsión deste programa e o final da estadía por causas de igual ou similar natureza ás seguintes:

- ✓ De ser o caso, o incumprimento das leis do país de destino.
- ✓ Incumprimento das normas establecidas para o desenvolvemento da actividade.
- ✓ Consumo de alcohol e/ou de substancias ilegais.
- ✓ Automedicación sen autorización médica.
- ✓ Conductas disruptivas.
- ✓ Comportamentos contrarios ás normas de convivencia nos diferentes eidos tanto no centro escolar coma na residencia das familias de acollida.

16.2 A expulsión do programa suporá o pagamento da viaxe de regreso e do custo total do programa, así como, de ser o caso, do importe dos danos ocasionados ou derivados das ditas condutas, sen prexuízo da obriga de reintegrar o importe correspondente da axuda concedida conforme o previsto no apartado 15 desta convocatoria.

16.3 No caso de que a persoa participante decidise, pola súa libre iniciativa, abandonar o programa antes da súa finalización, o custe íntegro da viaxe de regreso será responsabilidade da súa familia,



sen prexuízo da obriga de reintegrar o importe correspondente da axuda concedida conforme o previsto no apartado 15 desta convocatoria.

16.4 Tanto no caso de expulsión como de abandono do programa, o contratista deberá prestarlle o apoio necesario para garantir a súa seguridade durante a viaxe de retorno.

17. PROTECCIÓN DE DATOS

17.1 Os datos persoais facilitados neste formulario, indispensables para a xestión da convocatoria, incorporaranse a un ficheiro para os exclusivos efectos de xestionar adecuadamente o programa “A CORUÑA NO MUNDO: BOLSAS NORTEAMÉRICA 2025-2026”.

17.2 O Concello da Coruña ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da normativa aplicable en materia de protección de datos de carácter persoal.

17.3 A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no programa e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello da Coruña no ámbito da educación, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

17.4 O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do programa, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

17.5 Os datos serán obxecto de cesión á empresa adxudicataria da xestión do programa municipal “A CORUÑA NO MUNDO: BOLSAS NORTEAMÉRICA 2025-2026”, que asume expresamente as responsabilidades que como encargada do tratamento deses datos lle corresponden. Poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan co fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

17.6 As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, dirixíndose por escrito ao Concello da Coruña, a través do procedemento dispoñible na sede electrónica: <https://www.coruna.gal/sede/gl/tramites-e-servizos-electronicos/guia-de-procedementos-e-servizos/detalle-de-procedementos/exercicio-de-dereitos-sobre-os-datos-de-caracter-persoal/contenido/1453762232714?argldioma=gl>.

18. CONDICIÓNS DA PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA

18.1 A concesión definitiva da bolsa quedará condicionada:

- ✓ Á adxudicación e formalización do contrato de xestión do programa cunha empresa especializada.
- ✓ Ás posibles restricións ou esixencia de requisitos que impidan o desenvolvemento do programa ou aconsellen, por motivos de saúde pública e de protección dos menores, a súa suspensión.
- ✓ Ao cumprimento dos requisitos esixidos polas autoridades do país de destino para participar no programa de intercambio (referidos a: estado de saúde, nivel de inglés, pasaporte...) da persoa seleccionada, así como á concesión do visado correspondente.



Concello da Coruña

- ✓ Á existencia dun fogar de acollida e un centro educativo que permita a inclusión en igualdade de condicións que o resto dos participantes, do alumnado con diversidade funcional solicitante da bolsa.

18.2 O Concello resérvase o dereito a non resolver o procedemento establecido nestas bases se, na súa tramitación, se dan algunhas das condicións sinaladas que impidan o seu desenvolvemento.

18.3 A adquisición de dereitos persoa beneficiaria da bolsa queda, polo tanto, condicionada polo sinalado nos parágrafos anteriores sen que dea lugar, no caso de que se dea algunha destas circunstancias, a indemnización de ningún tipo por parte do concello.

19. RECURSOS

Contra estas bases e ás resolucións administrativas que se adopten na súa execución, cabe interpoñer, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte á súa publicación ou notificación, recurso potestativo de reposición perante o órgano que as ditou, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Nos dous casos, computarase o prazo a partir do día seguinte ao da publicación oficial do extracto acordo da aprobación da convocatoria no BOP.

A Coruña, na data da sinatura electrónica.